

BASES GONDOVERÁN 2022

Gondoverán é un programa de lecer e tempo libre preferentemente para fillos e fillas de familias traballadoras, co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral durante o mes de xullo, ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral do neno/a a través dunha programación que combina o xogo con actividades creativas, culturais e coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables, xestionado pola Concellaría de Igualdade a través do Centro de Información á Muller.

Debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19 Gondoverán realizarase seguindo as recomendacións sanitarias aplicables e coas máximas garantías de prevención e hixiene.

Todas as actividades contempladas prestaraas un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

O Concello de Gondomar adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar unha participación en igualdade de condicións no acceso a Gondoverán e ás actividades programadas.

1.- OBXECTO

Gondoverán ten por obxecto facilitar a conciliación da vida familiar e laboral de familias traballadoras do Concello de Gondomar, a través dun programa de actividades socioculturais, de tempo libre e de educación en igualdade.

2.- BENEFICIARIAS/OS. REQUISITOS

70 rapaces e rapazas que teñan o seu empadramento no Concello de Gondomar nados entre os anos 2009 (non poderán facer 13 anos antes da finalización do campamento) e 2019 (deberán ter feitos 3 anos ao inicio do campamento) e cuxos proxenitores (ambos) ou representantes legais sexan persoas traballadoras en activo (por conta allea ou propia).

En caso de quedar prazas libres as nenas/os serán admitidos/as conforme ás seguintes características e orde de preferencia:

1º.- Cuxos proxenitores/as ou representantes legais sexan polo menos un/ha deles persoas traballadoras en activo e teñan o seu empadramento no Concello de Gondomar.

2º.- Doutros concellos cuxos proxenitores/as ou representantes legais sexan persoas traballadoras en activo no municipio de Gondomar.

3º.- Outras situacións que serán estudadas polo persoal do Centro de Información á Muller.

En caso de que o/a menor precise apoio derivado da súa diversidade funcional, deberá facelo constar na folla de inscrición, especificando o máis posible as necesidades especiais que presente.

3.- PROTOCOLO SANITARIO DE APLICACIÓN

O Gondoverán adaptarse á nova situación sanitaria xerada pola COVID-19, así como aos ratios establecidos coa fin de manter a distancia de seguridade recomendada, as tarefas de limpeza e desinfección, o deseño de actividades, e respectando sempre as recomendacións da normativa de seguridade e saúde en vigor en cada momento.

4.- HORARIO DE GONDOVERÁN

Gondoverán levarase a cabo durante todo o mes de xullo e terá como sede un Centro Educativo de Gondomar. O seu horario de funcionamento será de 9.00 a 14.00 horas con posibilidade de incorporación de 8.00 a 9.00 horas e de saída de 14.00 a 15.00 horas segundo necesidades particulares.

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

5.1 Normas para cubrir os impresos

A solicitude de praza ou prazas, as autorizacións e observacións médicas e as obrigas deberán estar asinadas, cada un dos documentos, polos proxenitores/as ou representantes legais do/a menor.

En caso de que todos e cada un dos impresos non vaia acompañado da firma correspondente será motivo de non admisión.

5.2 Lugar e presentación das solicitudes e da documentación

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Gondomar de luns a venres de 9 a 14h ou a través da sede electrónica dende as 0:00h do día en que se abre o prazo ata as 23:59h do día en que acaba o prazo.

5.3 Prazos

Presentación de solicitudes: do 21 de abril ao 02 de maio.

6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Solicitude de praza ou prazas.
- Autorizacións e observacións médicas.
- Obrigas do campamento asinadas polos pais ou titores/as legais.
- Fotocopia dos DNI dos pais ou titores/as legais.
- Fotocopia do libro de familia ou DNI do/a menor.
- Fotocopia dos DNI das persoas autorizadas á recollida do/a menor (sempre e cando sexan persoas distintas dos pais ou titores/as legais)
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor ou seguro médico privado.
- Volante de empadramento da unidade familiar.

- Xustificación da ocupación actualizada dos pais ou titores (fotocopia da última nómina, certificación de empresa, vida laboral ou calquera outra tipo de documentación que acredite dita situación, no caso de traballadores por conta allea; ou do último recibo do pagamento da cota á seguridade social no réxime especial de traballadores por conta propia, no caso de traballadores/as autónomos/as).
- De ser o caso, certificado de familia monoparental.

7.- PREZO DE GONDOVERÁN

O prezo será de 125€ por neno/a todo o mes de xullo.

8.-PROCEDIMENTO PARA ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS.

As prazas serán adxudicadas por rigoroso orde de entrega de documentación, sempre e cando se presente correctamente toda a documentación dentro dos prazos establecidos e se cumpran todos os requisitos.

As listaxes de provisionais e definitivas de admitidos/as poderanse consultar nas dependencias do Centro de Información á Muller (de 7:30h a 14:30h) e do Rexistro municipal (de 9 a 14h).

9.- PRAZOS

- Solicitud de praza/s: do 21 de abril ao 02 de maio
- Publicación provisional da listaxe de admitidos/as: 05 de maio
- Emenda de faltas ou presentación do documentación preceptiva: do 06 ao 20 de maio
- Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as: 27 de maio
- Prazo de presentación do pagamento: do 30 de maio ao 02 de xuño

10.- LISTAXE DE AGARDA

As vacantes que se produzan por renuncia, por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por calquera outro motivo, ofreceránselles aos solicitantes que figuren na listaxe de agarda tendo en conta a orde establecida. As renuncias non se incluírán nesta listaxe.

Contactarase cos e cas suplentes por teléfono ou enderezo electrónico dende o Centro de Información á Muller.

11.- PAGAMENTO

O prazo de presentación do pagamento é do 30 de maio ao 2 de xuño.

Unha vez aceptada acudírase ás dependencias do Centro de Información á Muller para recibir as instrucións de pago. Feito o pago presentarase o xustificante de pagamento en ditas dependencias entre o 30 de maio e o 2 de xuño, en caso contrario a praza será ofertada ao seguinte da listaxe de agarda.

12.- PUBLICIDADE E PRAZO

A publicación das presentes bases, xunto coa correspondente convocatoria, realizarase no taboleiro do Concello e na páxina Web municipal.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contenciosos Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición concencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

13.- ANEXOS